

# PROGRAMA ERASMUS +

## BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTES PARA A SÚA PARTICIPACIÓN DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+ NO CURSO 2023/24.

### **Primeira. Obxecto e prazo das solicitudes.**

Convócase o proceso selectivo para asignar as bolsas dentro do Programa Erasmus+ destinadas a estudantes dos ciclos formativos de grao superior, grao medio e FP básica, para realizar a Formación en Centros de Traballo no estranxeiro nos períodos de marzo a xuño ou setembro-décembro de 2024. Do mesmo xeito, tamén se convoca o proceso selectivo para asignar as bolsas destinadas ao profesorado que desexe facer unha mobilidade destinada á formación ou á docencia.

O número de bolsas para o ano 2024 é o seguinte:

	Alumnado	Profesorado
Ciclos Superiores (KA131)	4	0
Ciclos Medios e FP Básica (KA121)	3	2

Na asignación das bolsas tratarase de dar prioridade sempre a unha distribución equitativa entre as diferentes familias profesionais e de xeito proporcional ao número de alumnado matriculado en cada curso. De non haber máis demanda que oferta de prazas no centro educativo, estas poderán ser ofertadas tamén a recién titulados. Isto decidirse na reunión de departamento de Calidade no que están presentes todas as familias profesionais.

A duración da mobilidade será variable en función da súa tipoloxía.

**[O prazo para entregar as solicitudes, tanto para profesorado como alumnado, remata o día 23 de outubro de 2023](#)** (incluído).



## **Segunda. Requisitos dos participantes.**

### No caso do alumnado:

1. Estar matriculado no CIFP Porta da Auga.
2. Estar cursando algún ciclo superior, medio ou de FP Básica e ter previsto realizar a FCT nos seguintes períodos:
  - De marzo a xuño do 2024
  - De setembro a decembro do 2024.
3. Cumprir cos criterios de selección.
4. Aprobar o curso para poder acceder á FCT

No caso de existir bolsas suficientes, tamén poderán ser beneficiarios das mesmas aqueles estudantes recién titulados (nos seguintes 12 meses inmediatamente posteriores á súa titulación).

### No caso do profesorado:

1. Ser docente no CIFP Porta da Auga con destino definitivo ou persoal interino. A efectos de antigüidade no corpo, de cara á baremación só computará aquela correspondente á acadada no CIFP Porta da Auga.
2. Quedarán excluídas as solicitudes que se realicen estando en situación de baixa laboral. Tanto no momento da solicitude como no da realización da mobilidade.

## **Terceira. Contía das bolsas.**

A contía destinada a financiar os gastos da mobilidade será unha cantidade fixa calculada sobre a base de importes establecidos polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE). Esta axuda correrá cos gastos de manutención, viaxes, aloxamento, empresa intermediaria (se fose preciso), seguros e demais gastos.

É posible que o estudante ou o profesorado teña que adiantar parte desta contía.

## **Cuarta. Sesións informativas.**

A coordinación de programas internacionais organizará sesións informativas no salón de actos do centro en horario lectivo en colaboración coas titorías de cada ciclo para informar dos diferentes aspectos relacionados coa solicitude e participación no Programa Erasmus+.

#### **Quinta. Reunión con todos os interesados e recollida de datos.**

*Unha vez celebradas as reunións informativas do día 11 de outubro e recollidos os datos das persoas interesadas durante o prazo aberto para presentar as solicitudes (ata o 23 de outubro), establécese o vindeiro venres 27 de outubro de 2023 como data da primeira reunión coas persoas candidatas á bolsa, na que se informará dos criterios de selección e da data das entrevistas e probas (de ser o caso). As reunións serán no salón de actos ás seguintes horas:*

- **Alumnado: venres 27 de outubro ás 10:45h**
- **Profesorado: venres 27 de outubro ás 12:45h**

*A publicación das listaxes do proceso de selección, así como as comunicacións procedentes, realizaranse a través da web do centro, taboleiro do CIFP e tamén nas redes sociais.*

*A última fase corresponde á asignación de prazas, en función da dispoñibilidade de empresas e ás puntuacións acadadas polos solicitantes.*

A realización da mobilidade e o destino final sempre estará condicionado á existencia de empresas axeitadas ao perfil profesional e académico.

#### **Sexta. Criterios de selección.**

Para a [selección dos participantes nas mobilidades de alumnado](#) establécense os seguintes criterios coa **puntuación máxima de 12 puntos**:

- 1) Expediente académico do curso académico anterior **4 puntos**.
  - Nota media entre 5 e 6,9 puntos - 2 puntos
  - Nota media entre 7 e 8,9 puntos - 3 puntos
  - Nota media entre 9 e 10 puntos - 4 puntos

## 2) Nivel de idiomas **4 puntos**.

Ata 2 puntos: Valoraranse os coñecementos de inglés (como lingua habitual no entorno europeo), mediante achega da certificación correspondente segundo se indica a continuación:

- Certificación de nivel dalgún dos organismos acreditados cun nivel A2- 0,5 puntos.
- Certificación de nivel dalgún dos organismos acreditados cun nivel B1- 1 punto.
- Certificación de nivel dalgún dos organismos acreditados cun nivel B2- 1,5 puntos.
- Certificación de nivel dalgún dos organismos acreditados cun nivel C1 ou superior- 2 puntos

Valoraranse do mesmo xeito anterior os coñecementos do idioma nativo do país de destino, mediante achega da certificación correspondente que o acredite.

Ata 2 puntos: Probas específicas realizadas no centro.

O alumnado solicitante realizará unha proba de coñecemento de inglés (comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita) coa docente responsable da Xefatura de Departamento de Idiomas do CIFP, que acreditará o nivel de idioma Inglés acadado por cada participante.

## 3) Grado de madurez e motivación **4 puntos**.

O/a titor/a de FCT correspondente, elaborará un informe de cada candidato/a en colaboración con todos os docentes do alumno/a. De considerarse oportuno consultarase tamén ao departamento de orientación. Neste informe valorarase:

- Grao de madurez e autonomía (evidencias de ambas no día a día na aula).
- Nivel de responsabilidade.
- Motivación de cara á realización da FCT no estranxeiro.
- Capacidade de iniciativa e participación activa (participación na dinámica de aula).
- Capacidade de organización, de relación e de traballo en equipo (actitudes demostradas nos traballosgrupais na aula si fora o caso).
- Corrección na comunicación verbal e non verbal, e comportamento adecuado á situación.

***Será necesario obter unha valoración positiva de polo menos 2 puntos na media destes criterios para poder ser seleccionado/a.***

No caso das [mobilidades de persoal](#), as puntuacións serán as seguintes:

<b>Antigüidade</b> No CIFP Porta da Auga (Máx 5 puntos)	<b>Competencias Lingüísticas</b> (Máx 5 puntos)	<b>Impacto da formación no centro</b>	<b>Criterios organizativos de centro</b>	<b>Outros</b>
- Destino definitivo anterior a 2017-16.....5p	Certificación de competencias lingüísticas: C1 ou B2.....5p	Valoración da Comisión de Programas Internacionais da idoneidade do profesorado participante para aplicar no centro a formación recibida.	Valoración da Comisión de Programas Internacionais sobre a idoneidade da mobilidade en función das datas e outros aspectos organizativos de centro.	Participación en mobilidades no centro con anterioridade: Nunca.....2p 1 Mobilidade.....1p >1 Mobilidade....0p
- Destino definitivo entre o curso 2017/18 a actual.....3p	B1.....3p A2.....2p	Estudo de propostas do impacto da formación ser o caso.		No caso de empate: Farase por sorteo.
- Persoal sen destino definitivo.....2p				

**Valoración máxima de 12 puntos, mais o visto bo da Comisión de Programas Internacionais no relativo aos outros apartados.**

**Sétima: Adxudicación das prazas e publicación.**

Unha vez feita a baremación das persoas participantes de acordo cos criterios de valoración aprobados, publicarase unha listaxe de seleccionados e unha listaxe de reserva para cubrir eventuais renuncias.

### **Oitava. Obrigas dos alumnos/as o seleccionados/as.**

O alumnado seleccionado para una mobilidade está obrigado no prazo de 7 días trala finalización e publicación do proceso de selección a entregar a seguinte documentación (poden ser escaneados e enviados por email):

- Documento compromiso de participación no programa asinado.
- Foto carnet.
- Fotocopia DNI.
- Curriculum Europass (en inglés)
- Certificación bancaria.
- Seguro obrigatorio de Responsabilidade Civil de accidentes e sanitario (poderá ser xestionado polo centro pero deberá dar o seu consentemento por escrito no acordo de compromiso).

O alumnado seleccionado estará obrigado a enviar na data fixada os documentos anteriores así como a participar nas reunións nas que sexa convocado pola coordinación de proxectos internacionais.

Se o alumno/a decide retornar sen causa xustificada antes da finalización da mobilidade, deberá consignar a parte proporcional da beca recibida e será cualificado NON APTO na FCT.

### **Novena. Aloxamento e viaxe.**

Os billetes de viaxe, especialmente de avión, deberán obterse tan pronto se teñan as datas de ida e volta da mobilidade.

O aloxamento dependerá de se se fai uso ou non dun intermediario.

### **Décima. Normativa aplicable.**

A normativa aplicable será toda a que regula o proxecto Erasmus e os convenios de subvención asinado entre o centro e a Axencia Nacional SEPIE.

---

*Asdo: Óscar Chao Penabad  
Vicedirector  
En Ribadeo, a 11 de outubro de 2023*